

**OBRADOIRO “MULLERES DE LEMOS,
MARÍA CASTAÑA . Unha muller para o 8 de marzo”**

**CENTROS DE ENSINO DE PRIMARIA,
SECUNDARIA E BIBLIOTECAS MUNICIPAIS**

O obradoiro desenvolverase na semana do 9 ao 13 de marzo nos Centros de Educación Primaria e Secundaria e nas Bibliotecas Municipais de Monforte e a Comarca. Con esta actividade dáse continuidade ao proxecto “MULLERES DE LEMOS” en colaboración co colectivo “Lemos Le”, iniciado o pasado ano por estas datas e no que se busca que rapaces e rapazas coñezan a mulleres significativas da Historia de Lemos e o seu papel nas distintas épocas históricas. Este ano dedícase o proxecto a **María Castaña**, figura sobre a que o alumnado de primaria realizará unha serie de debuxos que ilustrarán un conto infantil sobre a vida desta muller.

REPARTO DE LAZOS ENTRE O COMERCIO MONFORTINO

PÚBLICO EN XERAL

En colaboración co CCU de Monforte, repartiranse globos de cor violeta en forma de lazo nos comercios das rúas máis céntricas da cidade para que sexan expostos nos seus establecementos, co obxectivo de sensibilizar á poboación monfortina sobre a situación de desigualdade que as mulleres seguen a ter na actualidade e a necesidade de concienciar a toda a cidadanía no seu compromiso para acadar a igualdade de xénero.

***ACTO CONMEMORATIVO DO 8 DE MARZO**

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

PÚBLICO EN XERAL

O domingo 8 de marzo ás 13:00 h na rúa Cardeal elaboraremos entre toda a cidadanía de Monforte un **gran lazo violeta con globos** coa intención de expresar de modo simbólico o noso compromiso coa igualdade entre mulleres e homes e lembrar esta data tan significativa na historia da defensa dos dereitos das mulleres. No acto tamén se procederá ao **reparto de globos violetas en forma de lazo** e á **lectura dun Manifesto pola Igualdade** a cargo de **Dª Ana María Casal Rivas**, Concelleira de Igualdade.

OBRADOIRO “GLOBOS POLA IGUALDADE”

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

O luns 9 de marzo, terá lugar un obradoiro onde o **alumnado da Escola Infantil Municipal** a través da técnica da globoflexia traballará conceptos de igualdade. Ao remate do mesmo farán unha visita guiada ao Centro Cívico e Social do Paseo do Malecón.

VIII CHARLA DE SAÚDE: “A FELICIDADE”

PÚBLICO EN XERAL

O mércores 11 de marzo ás 20:00 h no **Salón de Actos do Centro Cívico e Social do Paseo do Malecón Dª Belén Varela Romero, Avogada e experta en organizacións optimistas e desenvolvemento persoal** ofreceranos un relatorio en torno á **felicidade e o optimismo**, estados de ánimo que hai que buscar activamente para despreparar todo o noso potencial persoal e social, facer fronte ás adversidades e abrir novos camiños nas nosas vidas.

OBRADOIRO “ECOFEMINISMO”

PÚBLICO EN XERAL

O venres 13 de marzo, de 16:00 h a 20:00 h, na **Sala de Actividades do Centro Cívico e Social do Paseo de Malecón** levarase a cabo este obradoiro que nos axudará a coñecer o noso corpo, mimalo e coidalo a través do coñecemento e as achegas do ecofeminismo ao autocoidado, empregando plantas e elementos da natureza e elaborando produtos naturais e ecolóxicos a través de saudables receitas.

Prazas limitadas: as persoas que desexen inscribirse deben facelo no teléfono 982 416 350 ou nas dependencias do Centro de Información á Muller sitas no primeiro andar do Centro Cívico e Social.

COMISIÓN DE IGUALDADE

**PERSOAL DO CONCELLO DE MONFORTE
QUE COMPON A COMISIÓN DE IGUALDADE**

O martes 24 de marzo ás 13:00 h na **Sala de Xuntas do Concello de Monforte**, realizarase unha nova **xuntanza da Comisión de Igualdade** coa finalidade de coordinación, seguimento e avaliación das accións recollidas no II Plan de Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres do Concello de Monforte de Lemos (2013-2016).

FORMACIÓN SOBRE A LINGUAXE NON SEXISTA

NA ADMINISTRACIÓN

PERSOAL CONCELLO DE MONFORTE

O xoves 26 de marzo, de 13:00 h a 15:00 h na **Sala de Xuntas do Concello de Monforte** celebrarase unha xornada formativa de capacitación en igualdade dirixida ao persoal técnico e político do Concello de Monforte de Lemos, na que se tratará o tema do **uso non sexista da linguaxe na Administración**. Esta formación será ofrecida por **Dª Goretti Sanmartín Rei**, Profesora da UDC e integrante do Seminario de Estudos Feministas da UDC.

CONFERENCIA “O DELITO DE TRATA DE SERES HUMANOS”

PÚBLICO EN XERAL

O venres 27 de marzo ás 19:00 h no **Salón de Actos do Centro Cívico e Social do Paseo de Malecón**, en colaboración co Ilustre Colexio de Avogados de Lugo, impartirase a conferencia **“O delito de trata de seres humanos”** a cargo de **Dª Pilar de Lara Cifuentes**, Maxistrada - Xuíza titular do Xulgado de Instrución Nº 1 de Lugo, que estará acompañada polo Excmo. Sr. Decano do Ilustre Colexio de Avogados de Lugo e Secretario – Tesoureiro do Consello da Avogacía Galega **D. Félix Mondelo Santos**.

* Se as condicións meteorolóxicas non o permiten, o Acto Conmemorativo do 8 de marzo celebrarase na Casa da Cultura.

